



**CONCELLO DE CAMARIÑAS**  
**A CORUÑA**

**ANUNCIO**

**RESOLUCIÓN DE APROBACIÓN DA LISTA DEFINITIVA DE ASPIRANTES ADMITIDOS E EXCLUÍDOS PARA UNHA PRAZA DE AXENTE DE TECNOLOXÍA DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN (AXENTE TIC).**

A Alcaldía ditou no día da data a Resolución que a continuación se transcribe:

"Unha vez finalizado o prazo de presentación de reclamacións para tomar parte no procedemento para a contratación laboral temporal, mediante concurso, dun/dunha axente de Tecnoloxía da Información e a Comunicación (axente TIC), cuxa convocatoria foi publicada no diario "La Voz de Galicia" de data 18/03/2011; esta Alcaldía en virtude das facultades conferidas pola lexislación vixente e de conformidade co disposto na Base 5ª da convocatoria,

RESOLVO,

**Primeiro.-** Desestimar a alegación presentada por Dª Sonia Antelo Méndez polos seguintes motivos:

A base 3ª da convocatoria no seu apartado c) establece como requisito para poder participar na selección "Estar en posesión do título de Técnico superior en desenvolvemento de aplicacións informáticas ou título equivalente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberá estar en posesión do documento que acredite fidedignamente a súa homologación".

O termo equivalente supón recoñecer que un título ten os mesmos efectos académicos e/ou profesionais que outro.

A equivalencia se pode recoñecer como un nivel de estudos (equivalencia xenérica) ou se establece cun determinado título (equivalencia específica), neste caso as Bases refírense a unha equivalencia específica.

Polo que neste caso non hai unha equivalencia específica, e nin sequera xenérica, entre o título de Técnico superior en desenvolvemento de aplicacións informáticas e o de Enxeñeira de Telecomunicación coa especialidade de Comunicións.

**Segundo.-** Desestimar as alegacións presentadas por Dª Cristina Conde Escaloni polos seguintes motivos:

A base 3ª da convocatoria no seu apartado c) establece como requisito para poder participar na selección "Estar en posesión do título de Técnico superior en desenvolvemento de aplicacións informáticas ou título equivalente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberá estar en posesión do documento que acredite fidedignamente a súa homologación".

O termo equivalente supón recoñecer que un título ten os mesmos efectos académicos e/ou profesionais que outro.

A equivalencia se pode recoñecer como un nivel de estudos (equivalencia xenérica) ou se establece cun determinado título (equivalencia específica), neste caso as Bases refírense a unha equivalencia específica.

Aínda cando o título aportado pola interesada está dentro dos ciclos formativos do Grao Superior de informática e comunicación o Concello determinou que o título idóneo para o desenvolvemento do posto fose o de Técnico superior en desenvolvemento de aplicacións informáticas; queda claro que son titulacións distintas e non equivalentes pois se trata de ciclos formativos de grao superior diferenciados.

Polo que se refire a súa terceira alegación debe ser desestimada pois corresponde a administración local a elaboración e aprobación das correspondentes bases, en exercicio da autonomía local recoñecida na Constitución, sendo indiferente a actuación que teñan realizado outros Concellos en relación co mesmo ou parecido asunto.



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

**Terceiro.-** Aprobar a seguinte listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as para a provisión dunha praza de axente de Tecnoloxía da Información e a Comunicación (axente TIC):

### Admitidos

NOME E APELIDOS	DNI
MARTÍNEZ SÁNCHEZ, IAGO	47351321W

### Excluídos

NOME E APELIDOS	DNI	MOTIVOS
ANTELO MÉNDEZ, SONIA	79317842L	Por non acreditar estar en posesión da titulación esixida para participar na convocatoria (Base 3ª C)
CONDE ESCALONI, CRISTINA	35464757E	Por non acreditar estar en posesión da titulación esixida para participar na convocatoria (Base 3ª C)

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñece aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca mediante a correspondente resolución. Cando da documentación que se ten que presentar, no caso de superar o procedemento selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os interesados decaerán en todos os dereitos que puidesen derivarse da participación neste procedemento.

**Cuarto.-** Que se reúna o tribunal cualificador aos efectos de valorar a primeira fase do concurso o día 18 de maio de 2011 (mércores), ás 10:00 horas, facendo públicos os resultados da mesma con anterioridade á celebración da entrevista persoal (base 7ª da convocatoria).

**Quinto.-** Convocar ao aspirante admitido para o día 18 de maio de 2011, ás 12:00 horas, na Casa Consistorial do Concello de Camariñas, provisto do seu DNI, para a realización da entrevista persoal prevista na segunda fase do concurso, Base 7ª da convocatoria.


**Sexto.-** Facer pública a presente resolución mediante a inserción do correspondente anuncio no taboleiro de edictos da Casa do Concello, na páxina web do Concello ([www.camariñas.net](http://www.camariñas.net)) e notificala a todos os membros do tribunal.

**Sétimo.** Os sucesivos anuncios relacionados con esta convocatoria serán publicados exclusivamente no taboleiro de edictos da Casa do Concello e na páxina web do Concello ([www.camariñas.net](http://www.camariñas.net)).

**Oitavo.-** Notificar a Dª Sonia Antelo Méndez e a Dª Cristina Conde Escaloni o presente decreto, con indicación dos recursos que procedan".

Camariñas, 13 de maio de 2011

O ALCALDE,



Asdo.: Manuel Valeriano Alonso de León